

Vicente Risco e o seu proxecto dun *Diccionario ideolóxico da lingua galega*

M^a NIEVES DE PAULA POMBAR

0. INTRODUCCION

Dentro de toda a obra de Vicente Risco, a súa contribución á Etnografía e á Antropoloxía acada unha grande importancia. Así nolo demostran o "Estudo etnográfico da terra de Melide", o "Folklore de Melide" (1) ou "Pra recoller contos galegos" (2), colaboracións que certifican o seu coñecemento dunha fonda metodoloxía con aplicación neste eido, e que son un reflexo da súa pretensión de recolleita sistemática.

De grande valor é tamén o seu *Catálogo sistemático da lingua galega*, traballo inédito, rematado de escribir en Ourense o 21 de Xaneiro de 1926, e presentado no *Seminario de Estudos Galegos* o 31 de Xaneiro do mesmo ano. O seu interese estriba, non tanto na repercusión posterior -que non a tivo, nin de forma inmediata nin mediata por non chegar a ser coñecido-, como porque é un instrumento que nos permite intuír cómo se enfocaban os estudos léxicos, cómo se arrostraban os traballos lingüísticos na súa época.

A miña pretensión coa análise do *Catálogo*, é, dunha parte, dar a coñecer este traballo inédito de V. Risco, que ben se podería considerar como un antecedente dos dicionarios ideolóxicos románicos e mesmo dos Atlas Lingüísticos e, doutra, pór de manifesto que a metodoloxía que emprega para a Etnografía e para a Antropoloxía é a mesma que para a Lingüística.

1. O DISCURSO APOLOGETICO., DO P. SARMIENTO

Aínda que tal e como está concebido poida ser considerado o primeiro traballo serio para a redacción dun *Diccionario ideolóxico da lingua galega*, ten os seus antecedentes que, por suposto, Risco non coñecía. Estoume a referir á obra do P. Sarmiento *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las lenguas vulgares* (3). Os desexos de saber, o seu enciclopedismo,

(1) *Terra de Melide*, Seminario de Estudos Galegos, Compostela, 1973, pp. 323-425, e 426-536.

(2) "Pra recoller contos galegos", en *El Museo de Pontevedra*, t. XXVII, Pontevedra, 1970, pp. 220-265.

(3) *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares*, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. XXXI, n.^o 353-354, pp. 32-82.

lévano a trata-los temas máis dispares, como ben advirte J. L. Pensado: "Siempre pregunta, su curiosidad no tiene límites. Curiosidad científica, entendemos bien. Su saber se extiende a todos los campos: la literatura, la historia, la paleografía, el arte, la política, la geografía, la medicina, la botánica, las ciencias naturales, la física, la heráldica. No desmiente el enciclopedismo de su siglo. También hay que reconocer su europeísmo en el deseo de fomentar en la patria el estudio de las ciencias naturales...En sus dos viajes a Galicia le sorprendieron en todos sus afanes desde buscar piedras y minerales, plantas y animales, hasta recoger amorosamente el léxico vivo. Pero no es sólo Galicia; en Asturias, en donde pasó algunos años, en Navarra, en Toledo, en el Bierzo, en cualquier sitio por donde ha pasado no ha salido con las manos limpias, antes al contrario, sus cuadernos de notas, sus equipajes se enriquecían notoriamente" (4).

Algo similar podemos decir que lle ocorre a Risco. A redacción do devandito *Catálogo*., ten por baixo non só unha sólida capa de saberes filosóficos e antropolóxicos en xeral, que o levan a este proxecto, senón tamén de coñecementos lingüísticos.

De entre os traballos lingüísticos que deixou inéditos o P. Sarmiento hai que salientar, para o noso caso, o seu *Discurso apologético*., pois nel traza as liñas xerais do que sería un *diccionario onomasiolóxico*. Vú crara a necesidade, en galego, dun diccionario deste tipo, fronte ós dicionarios alfabéticos. Coas súas propias palabras: "la utilidad de estos nombres de *cosas* colocadas en *onomástico* y por *clases* es muy superior a la que se puede conseguir, *colocadas* en un *vocabulario* regular por el *ABC*. Estoy aturdido de que a los *niños* no se les enseñen las lenguas (373 r.) por *onomasticones*, pues adelantarían *más* y mejor. En los vocabularios están las voces hechas *jigote* y sin conexión de unas con *otras cosas*" (5). A pesares das súas afirmacións, o P. Sarmiento, como no caso de Risco, non nos proporciona senón un esquema xeral, aínda que, iso sí, adiantándose en moitos anos ós dicionarios románicos.

O longo da súa obra repite frecuentemente a utilidade do *onomástico* que propón, aducindo varias razóns. Por unha banda, é máis doado achegarse ó coñecemento da súa propia lingua, o galego e, ademais, se no dito *onomástico* se sitúan en columnas paralelas as correspondencias coas outras linguas: latín, castelán, portugués, italiano, francés, grego, inglés e alemán, constituiríase un *Onomástico Polígloto* aprendendo as ditas linguas simultaneamente (6). Por outra, o acceso á gramática das linguas será máis sinxelo, se antes se comenza polo *onomástico*: "las reglas de *gramática* son unas *máximas* muy generales que no tienen conexión alguna, ni mediata ni inmediata con los significados de las voces *latinas* en lo que estriba la lengua. Mientras el muchacho estudia de memoria y a la *letra* (375 r.) *seis reglas*, puede estudiar de *sentido* la mitad del *onomástico* y después que ya se ha familiarizado con el *onomástico*, ya podrá dar una ojeada a algunas *reglas*, no para estudiarlas a la *letra* y de *memoria* sino de *sentido*. Declinaciones y *conjuga-*

(4) J. L. Pensado, *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, Oviedo, 1960, p. 21.

(5) *Discurso apologético*, ed. citada, p. 42.

(6) *Discurso apologético*, pp. 43-44.

ciones eso se aprende por el uso y *experiencia* sin estudiar tampoco de memoria. Esta sólo se debe ejercitar en repasar y estudiar el *onomástico*" (7).

Polo que se refire á organización do *Onomástico*, propón a súa colocación, segundo un orde e método, por apartados e subapartados, estructurando o léxico por campos léxico-conceptuais: "en la 1ª Dios y todas las sustancias espirituales. En la 2ª todos los *cielos, planetas, elementos y meteoros*. En la 3ª el *hombre* con sus pasiones y partes y con sus *virtudes y vicios*. En la 4ª toda la *historia natural* con sus *subdivisiones*, v.g.: *animales, aves, peces, mariscos, crustáceos, serpientes, insectos, metales, fósiles, minerales, piedras, árboles, arbustos, plantas, flores, frutos*.

En la 5ª *clase* cosas artificiales que han hecho los hombres. Las cuatro primeras clases son de las cosas *visibles e invisibles* que, siendo Dios *increado* por sí mismo, ha criado en todo este mundo visible. En esta 5ª clase, se han de colocar las cosas *visibles*, que han fabricado los *hombres*, v.g.: *Ciudad murada y plaza de armas* fortificada con todas sus partes. Un *arsenal* con todos los pertrechos de *guerra* y armas de fuego.

Edificios públicos, como una iglesia *catedral*. Un *consistorio* o casa de *justicia*. Un magnífico *palacio* con todos sus *ajuares*. Un *navío de línea* con todas sus partes y aparejos y toda diferencia de *bajeles*. De las *artes liberales*, según el verso: *Lingua, tropus, ratio, numerus, tonus, angulus, austra*. De las artes *mecánicas y fabriles*. De los juegos de *niños* y diversiones. De las artes falsas *divinatorias ilícitas*. De los lugares principales de todo el *orbe*. *Miscelánea* de varias cosas indiferentes y que no se pueden reducir a *clases*" (8).

Para a colleita deste material, o P. Sarmiento distribúe Galicia en oito demarcacións, coa finalidade de ir recopilando nelas, sistemáticamente, o léxico gallego: "el primer *partido* es todo el obispado de Tui, el 2º es desde la Ría de Vigo hasta la Ría del *Padrón*, el 3º lo restante de *Santiago* hasta *La Coruña*, el 4º todo el obispado de *Mondoñedo*, el 5º desde *Ribadeo* hasta el *Cebrero*, el 6º desde el *Cebrero* hasta *Valdeorras*, Lugo, el 7º desde *Valdeorras* hasta la *Limia*, el 8º desde el río *Limia* hasta acabar Galicia, obispado de *Orense*. En estos ocho partidos ha de haber a lo menos ocho sujetos esparcidos, que sepan latín, castellano y que sean gallegos *nativos*. Cada uno de estos ha de tener un pliego de *papel* en limpio y dividido en ocho *columnas*, como este pliego en que *escribo*, y en el cual se han de ir apuntando las voces vulgares *gallegas* que con singularidad se usan en tal *partido* y no en otro" (9).

O P. Sarmiento especifica, nas páxinas seguintes, as verbas dos campos que hai que recoller nos oito partidos, separando as que son privativas das mariñas daquelas que o son do interior de Galicia (10).

Constítúese, pois, o P. Sarmiento nun precursor da xeografía lingüística (11), da dialectoloxía de campo. Anotando as verbas recollidas, tamén se ocupará do mundo que envolve ás palabras: refráns, ditos, etc.

(7) *Discurso apologético*, p. 45.


(8) *Discurso apologético*, pp. 42-43.

(9) *Discurso apologético*, pp. 63-64.

(10) *Discurso apologético*, pp. 65-66.

(11) Vid. J. L. Pensado, *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, Oviedo, 1960.

I SUSTANZA - B) Cousas naturais - b) o home - 1 o Corpo - o Corpo por a fora



En resumen, o seu *Discurso Apologético*., serve para varios traballos simultáneos: "De este modo se podrán formar los dos *diccionarios* del gallego puro, uno *alfabético* de todas las voces y otro *onomástico* de todas las cosas naturales y artificiales dispuestas por *clases* y con conexión. Sobre este *onomástico* va fundado todo mi sistema para las *etimologías* de las voces gallegas y su reducción a las raíces latinas" (12).

2. CATALOGO SISTEMATICO DA LINGUA GALEGA (13).

2.1. Ben coñecida é a admiración que V. Risco sentía pola cultura oriental é pola filosofía, en concreto (14). Ese foi o principio que o levou á redacción do seu *Catálogo*., e máis concretamente á lectura do Amara Koshá, diccionario sánscrito famoso no que "la distribución de materias ...es indudablemente obra de una inteligencia privilegiada. En los grupos de voces referentes a *mar, tierra, animales, plantas*, etc. aparecen cuidadosamente observadas las afinidades y relaciones existentes entre los diversos objetos, con arreglo a los conocimientos de la época, y aun en el terreno, ya más difícil, de las ideas abstractas hay aciertos notables, como el colocar juntos (sección cuarta) los conceptos correspondientes a *inteligencia, raciocinio, conocimiento, sentidos, gustos, colores y olores*" (15). Mais, a estas lecturas viñéronse sumar outras, tempo despois, da civilización occidental, antigos traballos de "carácter filosófico coma a *Ars Magna* de Raimundo Lulio, ou filosófico-pedagóxico como o *Orbis Pictus* do filósofo Xan Amés Comenius, reforzadas logo polos estudos de Pestalozzi sobre o ensino do idioma. Somentes, que daquela, a miña teima endereitábase principalmente cunha arela puramente ideolóxica, cara unha sorte de *Pansophia metafísica*, como houbera dito o propio Comenius" (16).

Aínda que os resultados do seu traballo sexan fundamentalmente lingüísticos, pola súa aplicación práctica, non por iso se debe desbota-la importancia que ten "para a nosa preparación filosófica". Para Risco, filosofía e lingüística son ciencias que se atopan en íntima relación, nunha "estreita dependencia. Nietzsche había aprobar co corazón este dito. O pensar e o falar son cousas que se non po-

(12) *Discurso apologético*, pp. 64-65.

(13) O título completo da obra que figura no folio primeiro é o seguinte: *Para o Catálogo da lingua galega* (Proxecto dun plan para a clasificación sistemática do léxico galego, seguido de dous modelos de listas de verbas e tres de láminas; tres follas de listas de verbas directamente clasificables, catro de verbas sen ordear, e unha dalgunhas expresións usuais, comprendendo entre todas, perto de mil vocábulos, e precedido dunha pequena exposición teórica). Preséntao ó *Seminario de Estudos Galegos*, Vicente Risco; folio 24: Remate, Ourense, a 21 de Xaneiro de 1926 (a ortografía preséntase modernizada en todo este traballo).

O orixinal atópase gardado no Museo de Pontevedra, cos fondos Castelao. O Prof. D. Xosé Filgueira Valverde permitiunos a súa consulta, a quen llelo agradecemos. Proximamente pensa facer unha edición facsimilar do manuscrito.

(14) Vid. entre outros C. Casares, *Vicente Risco*, editorial Galaxia, Vigo, 1981, pp. 20 e 42; *Gran Enciclopedia Galega*, t. XXVII, 1974, s.v. *Risco, Vicente*, pp. 13-21.

(15) Julio Casares, *Nuevo concepto del diccionario de la lengua y otros problemas de lexicografía y gramática* (*Obras Completas*, t. V), Espasa-Calpe, Madrid, 1941, pp. 92-93.

(16) *Para o Catálogo da lingua galega*, fol 2.

den arredar unha da outra. Por algo din que o pensar é falar un para contra sí, e a psicoloxía sabe ben que o pensamento depende da linguaxe. Se non se pode pensar sen verbas, e as verbas teñen unha influencia decisiva na nacencia e no encamiñamento do pensar, como que tódolos conceptos abstractos emprincipiaron por seren verbas *-concepta sunt verba; universalia sunt flatus vocis-* e as asociacións verbais determinan, as máis das veces, as asociacións de ideas. A historia semántica dunha lingua é a historia ideolóxica dun pobo" (17).

Dada a interrelación entre pensamento e linguaxe, o feito de falar unha lingua concreta, como a galega, levaranos á creación dun pensamento orixinal como pobo: "Se o pensamento depende da fala, teremos, primeiramente, que non pode ser para nós indiferente falar galego ou castelán, se queremos pensar con orixinalidade; e segundamente, a precisión de estudarmos a fondo a nosa fala se queremos dar ó mundo os tesouros de pensamento que ela sen dúbida contén. Eu aseguro que o *Catálogo da lingua galega*, despois de publicado, ha se-lo instrumento máis forte para a creación dun pensamento orixinal galego, o mellor para a preparación filosófica da nosa mocidade" (18).

Todos estes antecedentes son, de tódolos xeitos, antecedentes remotos ou mediatos, pois foi a lectura do discurso de Julio Casares, na súa entrada na Real Academia Española (19), o que o levou a proxecta-lo seu *Catálogo*.

Risco engade ós traballos citados por Julio Casares que, dende antigo, trataron de clasifica-lo léxico das linguas, outros métodos para a aprendizaxe das linguas extranxeiras, nos que moitos inclúen a intención de facer agrupacións de palabras por familias: "non hai máis que ve-los métodos Ahn, Berlitz, Massé, etc. E aínda nalgúns (como na Gramática alemana de Otto) figuran pequenos anacos de lectura onde van nomeando as diferentes cousas relacionadas (na Gramática de Otto, os titulados: *Die Familie, Das Haus, Land und Wasser*, etc). Orde puramente empírico, no que as ideas se agrupan coma nas nosas impresións ordinarias e correntes, orde que é o máis fiel e o mellor para o conto" (20).

2.2. Utilidade do *Catálogo da lingua galega*

Como tamén cento cincuenta anos antes dixera o P. Sarmiento, un *Onomástico* ou *Catálogo* é o único xeito de ter un coñecemento máis completo e lóxico do noso léxico. A utilidade non é samente científica, senón tamén práctica, para o emprego polos escritores e polos que queiran acceder ó estudio dunha lingua. Tamén, como o P. Sarmiento, Risco coincide en que, a pesares da súa prioridade sobre un diccionario alfabético, ou mesmo dun vocabulario castelán-galego ou galego-castelán, non exime que se fagan estes últimos a carón do *ideolóxico*. Pola súa banda, Risco é consciente das dificultades da súa realización, mais pensa que é preciso encararse con este ensaio pola rentabilidade e necesidade do mesmo: "ben me decato de que non é este un labor doado e facedeiro en pouco

(17) Para o *Catálogo da lingua galega*, fol. 2.

(18) Para o *Catálogo da lingua galega*, fol. 2.

(19) *Nuevo concepto del diccionario de la lengua*, en *op. cit.*, pp. 21-125.

(20) Para o *Catálogo da lingua galega*, fol. 3.

tempo; mais non penso que deban se-las dificultades as que nos deteñan, tendo como temos xente para traballar e tempo por diante. De camiño, pódese ir facendo o *Diccionario alfabético* e tamén o *Vocabulario castelán-galego*; trátase, sicamente, de dúas ordenacións diferentes do mesmo material lexicográfico, que se poden ir facendo a un tempo. Meirande é a dificultade de publicación. Entendo que aquí, o que cómpre facer é ir publicando, onde sexa e como sexa, avances sucesivos do traballo de catalogación para que, ó mesmo tempo que se vai facendo, vaia xa a obra dando a utilidade e o rendemento que, sen dúbida, ten que dar. Eu aseguro que a nosa fala ten que mellorar moito por forza con esta obra, e que o léxico corrente dos escritores e, aínda da xente que fala, háse enrequecer moito" (21).

2.3. Criterio para a catalogación

Risco, partindo da comparación e exame que J. Casares fai dos dous sistemas seguidos por P. M. Roget (22) e por J. B. P. Boissière (23), o primeiro cun criterio craramente filosófico, fronte ó segundo, de base empírica, móstrase partidario do último punto de vista, aínda que non é alleo ás dificultades que presenta. Inclínase, xa que logo, por "un orde mixto, que bota man da lóxica para as clasificacións fundamentais, e logo nas miúdas, mistura as ideolóxicas coas puramente gramaticais. De momento, non vexo que se poida facer outra cousa" (24).

Segundo a combinación dos criterios manexados na catalogación ideolóxica do léxico, o ensaio de clasificación de Risco aparece dividido en sete grandes categorías racionais:

- I.- SUSTANCIA.
- II.- CANTIDADE.
- II.- CALIDADE.
- IV.- ESPACIO.
- V.- TEMPO.
- VI.- MOVEMENTO.
- VII.- RELACION.

Cada unha destas categorías divídese en clases e subclases, de acordo cos gráficos seguintes:

(21) *Para o Catálogo da lingua galega*, fol. 3.

(22) *Thesaurus of English words and phrases classified so as to facilitate the expression of ideas and assist in literary composition*, Londres, 1852.


(23) *Dictionnaire analogique de la Langue française*, Paris, 1862.

(24) *Para o Catálogo da lingua galega*, fol. 4.

I. SUSTANCIA			
A.- COUSAS SOBRENATURAIS	a) verdadeiras	1.- Deus 2.- mundo sobrenatural 3.- vocabulario religioso	elementos forzas fluidos fenómenos, etc.
	b) non verdadeiras	1.- relixións falsas 2.- supersticións o universo (vocabulario astronómico) a terra (vocabulario xeográfico) a auga a atmósfera (vocabulario meteorolóxico) reino animal	Física Química
B.- COUSAS NATURAIS	a) a natureza	- partes e órganos do vexetal (organografía) - a vida vexetal (fisioloxía) - clasificacións e especies - partes e órganos dos animais - a vida do animal - clasificación e especies (1) - o corpo por fora - o corpo por adentro (anatomía e fisioloxía) - a vida orgánica, a enfermidade e a morte - os tipos e as razas	
	b) o home	1.- o corpo 2.- a alma 3.- as relacións de familia sociais	
C.- COUSAS ARTIFICIAIS	a casa o mobiliar o vestido a mantenza as comunicacións o cultivo o traballo a caza e a pesca a escola a mención e a botica a tenda os divertimentos, etc.		

(1) Claro está que o que se vai recoller e clasificar non son ideas e clasificacións científicas, senón as tradicionais e vulgares que o falar corrente expresa. Asína, entre as clasificacións minerais haberá que pór a que se fai correntemente en **pedras, metais e terras**; nas botánicas, a que se fai en **arbores e herbas**; nas zoolóxicas haberá que dividir as bestas en **cuadrúpedos, cabras, paxaros, peixes, mariscos, vermes, bechos**, etc. e distinguir -los **bravos dos mansos**, e atender á clasificación económica dos que serven para comer, para traballar, os que son daniños, etc.

A.- AS DIMENSIÓN	<ul style="list-style-type: none"> a) nomes das dimensións b) verbas referentes ás dimensións e á cantidade continua c) adverbios de cantidade referentes á cantidade continua
B.- OS NÚMEROS	<ul style="list-style-type: none"> a) adxetivos numerais b) verbas referentes ós números c) operacións matemáticas d) verbas referentes á magnitude discreta (nomes colectivos, etc.)
C.- CANTIDADE INDETERMINADA	<p>verbas que espresan a cantidade indeterminada, coma: pouco, moito, algo, etc.</p>
D.- PESAS E MEDIDAS (xa o dí o título)	



Aquí poden ir a maior parte dos adxetivos. E conveniente pór con cada un seu contrario e tamén, en ríola, os que representen diversas gradacións da mesma idea.

<p>A.- LUGAR</p>	<p>a) adverbios de lugar e verbas referentes ó lugar abstracto b) verbas referentes ó lugar concreto c) verbas referentes ós lindeiros que limitan os espazos</p>
<p>B.- POSICIÓN</p>	<p>a) posición absoluta b) posición relativa</p>
<p>C.- DISTANCIA</p>	<p>a) intervalos b) as mensuras do espazo</p>

IV.- ESPAZO


V.- TEMPO

A.- TEMPO E DURANZA

- a) verbas referentes ás nocións de tempo, duranza, sucesión, etc.
- b) adverbios de tempo
- a) o calendario (vocabulario cronolóxico)


B.- AS MENSURAS DO TEMPO

- b) o reloxo
- c) outras verbas referentes a lapsos de tempo.



(1) Comprenderá esta categoría os nomes de acción e os verbos que indican movemento, según a clasificación seguinte. Pódese aquí repeti-lo que se puxo na categoría de sustancia.

(2) As subdivisións atoparanse no referente á categoría de sustancia, ou deixar para esta o que aí se había pór disto, coas referencias precisas.



VII.- RELACIÓN

(1) As subdivisións como fica indicado na categoría precedente.

2.4. Realización do Catálogo

Unha vez que Risco ten esquematizado o seu *Catálogo*, comeza a facer longas listas de verbas en castelán que, por copias, distribúe entre os seus amigos cun modelo, como o que se atopa reproducido na páxina 362 ...Risco quíxase de que ninguén contestara ó seu inquérito. A pesares disto, segue a traballar no seu proxecto cunha grande ilusión cara o futuro, e así di textualmente: "Pola miña parte, eu fixen unha chea de listas, e aínda máis, deseños e esquemas, que eu mesmo fun enchendo coas verbas galegas correspondentes. E aquí detívose o meu labor, xa que eu so non podía facer máis.

Teño tamén que engadir que, dende aquela, o interese da xente por estes asuntos medrou moito e que hoxe temo-la seguridade de atoparmos moitos máis colaboradores que os que eu daquela podía atopar, máxime cando hai hoxe moita xente, escritores e non escritores, adicados con máis ou menos preparación, con máis ou menos intelixencia, con mellores ou máis ruíns resultados ó labor de recoller verbas e expresións galegas.

Cecais sexa preciso principiar por recolle-lo que hai publicado; por ordealo léxico contido nos dicionarios de Cuveiro e Valladares e na parte publicada da Academia, nas gramáticas de Mirás, Saco e Arce, García de Diego, nos glosarios que acompañan a moitas obras antigas e modernas; mais non por iso cómpre deixar de man a recollida de verbas e frases e especialmente nas aldeas" (25).

A pesares da súa queixa inicial, A. Couceiro Freixomil e Xaquín Lorenzo remítenlle un listado de verbas, o primeiro das Mariñas (Pontedeume), e o segundo da terra de Lobeira, como se pode ver no folio 20 reproducido.

En resume, o proxectado traballo de Risco constitúese no primeiro esbozo serio e formalizado dun *diccionario ideolóxico da lingua galega* e, ademais, tendo en conta que, no seu modelo de inquérito, fai figurar tamén a aldea ou comarca onde as verbas foron recollidas, pode servir tamén para a confección dun *Atlas lingüístico galego*.

(25) Para o Catálogo da lingua galega., fol. 4.

♦ C A T Á L O G O D A L Í N G U A G A L E G A . ♦

I SUBSTANTIA.- B)- (cosas naturais - a) Natureza - A Terra - Vocabulario xeográfico

- La Tierra....
- la corteza terrestre
- Continente
- Isla
- Archipiélago
- Península
- Istmo
- Cabo

- Tierras altas
- Tierras bajas
- Montaña
- Monte.
- Cerro
- Otero
- Ladeira
- Erda
- Vertiente
- Cumbre
- Pico
- Colina
- Puerto
- Peñón
- Sierra
- Cordillera
- Valle
- Meseta
- Llano
- Llanura

- Desfiladero
- Fosa
- Despeñadero
- Declive
- Barranco
- Peñascal
- Altiplanicie
- Penillanura
- Arenal
- Duna
- Mundimiento

NOTA: Poña á carón da verba castelán a verba ou verbas galegas correspondentes.- Poña os sinónimos.- Indique no posíbre a procedencia(libro, uso popular comarca, etc.)-Diga as verbas que fallan n-esta lista.

Verbas .as Mariñas (Pontedeuma)

Patela - certa pluma de vergas pro péico
Paxe - esto de veras seu pelar, borde alto, 2 asas
Cabañar - certo grande de vergas en feito de bera
Cesto - o que se leva o braco
Lixo - un fiato que se pega á roupa
Nichoso - quis quillero
Empadoado - deitado, apoltrinado
En graxumar - manchar de graxa
Traxumeira - perxa sucia
Soldo - touca da auga sucia
Troa - idas que se foman o baipar o mar
Secar - baipar a mar
Secar o mar - id
Encher - nebir a mar
Lagarteiras - marcas outas d'agosto
Espnicar - depincar
Le grumante - trauante, persoa ruim
Lagoeiro - peba camineiro
Picaña - picarata
Raño - sacos de 3 dentes
Enciño - augaro
Potelar - sacar as castañas do oviro
Cotidoira - verga en forma de U

Verbas de Lobeira (Bande)

Abocanar - parar de chover
Achedar - apudiar
Achousa - hortá
Adega - bodega
Aforroar - picar o gado coa aquillada
Alpende - v. Tanada
Apor - principiar a usar
Allo (co) - en previsión, por si acaso
Amastragado - estropeado
Andaval - vendalab
Anga - argolla de ferro dos potes
Anuzar - estropear
Atinillados - mandiles a rayas
Barbadelo - frió
Birilla - uqle
Bocaño - intervalo pequeno entre chuvia e chuvia
Brollo - a medio madurar
Cachón (ferver a) - a todo hervir
Carrolos - castañas esasas unidadas
Comeschamo - corsa, oujeto
Comesto - un que vila unto, latoso
Curis a - vento fro
-uizoso - ordeado, curioso

anado - rabioso
Debrazar - repeler o lume á waller ou o rivei
Deséivar - lavar a roupa de 1^a intención
Endrómena - persoa inútil
Enfastiar - fastarse de comer
Enxergar - entender
Escasi - de maneira que...
Escunchar - abrir os ouzios
Espargallar - estender
Espellar - esponjar
Estiñar - secarse el agua de neqon, charra etc
Esbarrecado - eudo, grito
Fabo - abella das abellas
Feitos - feitos
Forruxo - ferruce
Ixola - poquete
Icho - troupa para pendias
Illarga - cadera
Anzar - reproducirse os arbores de seu
Labareda - llamarada
Lastrado - caído do seu peso
Manteiga - manteca
Marruco - parte queimada da mecha
Mayas - castañas
Nedio - liso
Pirifal - para podre
Poula - seu cultivar
Rabizar - derrogar
Renlo (?) - as castiñas
Rixar - freir
Rosío - espazo arredor d'unha casa
Serao - xiada
Tixola - cadesto para asar castañas
Tanada - Combarrizo (?)
Temperao - froto temprao
Vezar - acostumar
Xantaxe - llantén

(Os das Mariñas comunicados por A. Loureiro
Fresponil; os de Lobeira por Xaquín Loureiro Fer-
nandez)